

Aceptación da proba




Antes da realización da proba da hepatitis C, informarase o/a paciente sobre os aspectos relevantes da infección e a posibilidade dun tratamento efectivo, para obter o seu consentimento.

No caso de **non aceptar** a realización da proba, o/a **profesional sanitario/a anulará a solicitude**.

Resultado da proba

As determinacións **POSITIVAS** serán comunicadas directamente ao/á paciente, á vez que se lle informará da data dunha **cita prioritaria na consulta especializada de referencia**.



Estratexia de eliminación da hepatitis C como problema de saúde pública en Galicia

www.sergas.gal/Saude-publica

Programa de SAÚDE PÚBLICA para o cribado etario oportunista da hepatitis C

Un diagnóstico precoz, unha curación precoz





Que é a hepatitis C?

É unha **inflamación do fígado**, producida polo virus da hepatitis C, ademais da causa máis importante de enfermidade hepática crónica.

En ocasións pode pasar desapercibida e incluso curar de xeito espontáneo, mais noutros casos pode ter consecuencias que se mostran a longo prazo (hepatite crónica, cirrose, cancro...).

Que síntomas presenta?

A maioría das persoas con hepatitis C **non teñen síntomas**.

Nalgúns casos, tras a infección pode haber fatiga, febre, náuseas, dor abdominal, pel amarelenta...




Como se transmite?

A través **do sangue da persoa infectada**:

- Uso compartido de material de inxección no consumo de drogas.
- Realización de tatuaxes ou *piercing* con material incorrectamente esterilizado.
- Prácticas sexuais de risco que implican sangrado.
- Outras vías menos frecuentes:
 - Da nai ao feto.
 - Ámbito familiar por uso compartido de coitelas de afeitar, cepillos, etc...

Por que a detección precoz?

A detección precoz da hepatitis C é fundamental para iniciar de forma temperá o tratamento, **lograr a curación e evitar a transmisión da infección**.



Para quen?

Segundo os estudos realizados na poboación española, o grupo con máis casos de hepatitis C é o de idades comprendidas **entre os 40 e os 69 anos**.

As datas de realización do cribado por franxas de idade son as seguintes:

Ano 2023: nados entre 1964-1973

Ano 2024: nados entre 1954-1963

Ano 2025: nados entre 1974-1983

En que consiste a proba?

A determinación do virus da hepatitis C realízase **mediante unha analítica de sangue**, que se ofrecerá a toda persoa con criterio de idade que acuda a unha consulta do Servizo Galego de Saúde.

